

Silas Marner  
*O tecelán de Raveloe*





GEORGE ELIOT

Silas Marner  
*O tecelán de Raveloe*

*Traducción de Celia Recarey Rendo*



Irmás Cartoné, 2016

Título orixinal: *Silas Marner, the weaver of Raveloe*

Tradución: Celia Recarey Rendo

Ilustración de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-945411-0-0

Dep. Legal: C 1296-2016



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa da autora, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.





## PARTE PRIMEIRA





No tempo en que as rocas cantaruxaban atafegadas nas granxas —e até as grandes señoras vestidas de seda e encaixe de fío tiñan as súas rocas de xoguete feitas de carballo pulido— podíanse ver en distritos arredados por entre as correoiras, ou afundidos no seo das montañas, certos homes pálidos e encolleitos que, ao lado das rexas xentes do rural, parecían superviventes dunha raza desherdada. O can do pastor ladraba feramente cando algún destes homes de aspecto estraño aparecía nas terras altas, recortándose, escuro, contra o temperán solpor de inverno, pois a que can lle gusta unha figura engruñada baixo un pesado saco?, e estes homes pálidos raras veces saían das súas terras sen a súa misteriosa carga. O propio pastor, aínda tendo boas razóns para crer que o saco non contiña máis que fío de liño, ou os longos rolos de liño tecido con ese fío, non estaba moi certo de que ese negocio do tecido, por indispensable que fose, puidese levarse a cabo de todo sen a axuda do diaño. Neses afastados tempos, a superstición envolvía facilmente a calquera persoa ou cousa que fose dalgún xeito insólita, ou simplemente infrecuente ou ocasional, como as visitas do quincalleiro ou do afiador. Ninguén sabía onde tiñan as súas casas ou as súas orixes os homes errantes, e como se podía explicar un home se non se coñecía, cando menos, alguén que lle coñecese o pai e a nai? Para os labregos dos vellos tempos o mundo alleo á súa experiencia

directa era unha rexión de vaguidade e misterio; para o seu pensamento non viaxado unha vida erradía era un concepto tan escuro como a vida invernal das andoriñas que retornaban na primavera e até quen viña para quedar, se viña de lonxe, practicamente nunca deixaba de ser visto cun remanente de desconfianza que evitaba toda sorpresa se unha longa traxectoria de condutas inofensivas pola súa parte remataba coa comisión dun crime; en especial se tiña algo de sona polos seus coñecementos ou se amosaba destreza como artesán. Toda listura, xa fose no rápido uso dese difícil instrumento que é a lingua, xa nalgunha outra arte pouco familiar para os aldeáns, resultaba sospeitosa en si mesma: as xentes honradas, nadas e criadas de xeito visible, non eran, na súa meirande parte, espelidas nin intelixentes de máis, ou cando menos non máis alá de cuestións como saber das témporas, e o proceso polo que a rapidez e a destreza de calquera tipo se adquirían permanecía tan oculto que adquiría certa natureza de conxuro. Así foi como veu suceder que eses espallados teceláns do liño —emigrados da cidade ao rural— foron sempre vistos como forasteiros polos seus rústicos veciños e adoitaban contraer os excéntricos hábitos que corresponden a un estado de soidade.

Nos primeiros anos deste século, un tal tecelán destes, chamado Silas Marner, dedicábase ao seu oficio nunha casiña de pedra que había entre as sebes de nogueiras da contorna da aldea de Raveloe e non moi lonxe da beira dunha canteira abandonada. O cuestionable son do tear de Silas, tan distinto do natural e alegre trotar da malladora ou do máis sinxelo ritmo do mallo, posuía unha medio temerosa fascinación para os rapaces de Raveloe, que a miúdo deixaban de andar ás noxes e aos niños para iren axexar pola fiestra da casiña de pedra, compensando un certo abraio pola misteriosa acción do tear

cunha agradable sensación de despectiva superioridade procurada pola imitación dos seus ruídos alternativos, xunto coa teimosa e rutineira actitude do tecelán. Pero ás veces sucedía que Marner, ao deterse para axustar algunha irregularidade do seu fío, se decataba da presenza dos pequenos lampantíns e, aínda que tiña boa cautela de non perder o tempo, gustáballe tan pouco a intrusión que baixaba do tear, abría a porta, e dirixíalles unha ollada que sempre abundaba para poñelos a andar cheos de terror. Pois como era posible crer que aqueles grandes ollos protuberantes do pálido rostro de Silas Marner en realidade non vían con nitidez nada que non tivesen perto e que a súa estarrecedora ollada non podía mandarlle parálise e raquitismo ou deixarlle a boca torta a calquera rapaz que quedase atrás? Talvez lles tivesen oído aos seus pais e ás súas nais insinuar que Silas Marner lle podía curar a reuma á xente se quixese e engadir, máis misteriosamente, que se un tiña bo trato co diaño, este podíalle aforrar o diñeiro do médico. Tales estraños ecos de antigos cultos demoníacos talvez poida oílos mesmo hoxe quen con dilixencia escoite entre os labregos de cabelo gris, pois a mente basta dificilmente asocia as ideas de poder e benevolencia. Unha sombría concepción do poder á que só con moita persuasión se pode inducir a coutarse de inflixir mal, é a forma que máis facilmente adopta o Invisible nas mentes dos homes que sempre viviron presionados polas necesidades primixenias e a quen unha vida de duro traballo nunca iluminou cunha entusiasta fe relixiosa. Para eles, a dor e o infortunio presentan unha maior amplitude de posibilidades que a ledicia e o gozo; as súas imaxinacións están practicamente desertas das imaxes que alimentan o desexo e a esperanza, pero están inzadas de lembranzas que serven de perpetuo pasto para o temor. «Ocórreselle algunha cousa que lle gustaría comer?», pregunteille nunha ocasión a un ve-

llo traballador que se atopaba na súa enfermidade derradeira e que rexeitara todos os alimentos que a súa esposa lle ofrecera. «Non», respondeu. «Non estou afeito máis que ao rancho decotío e non o dou comido.» A experiencia non fixera xurdir nel fantasía ningunha que puidese invocar o espectro do apetito.

E Raveloe era unha aldea onde moitos dos vellos ecos resoaban aínda, sen novas voces que os afogasen. Non é que fose unha desas parroquias ermas que se atopan nos arrabaldes da civilización, habitadas por ovellas fracas e pastores moi espallados; pola contra, ficaba na rica chaira central do que nos compracemos en chamar a Alegre Inglaterra, e mantiña granxas que, falando desde un punto de vista espiritual, pagaban décimos moi desexables. Pero estaba aconchegada nun acochado e frondoso valiño, a ben unha hora de viaxe a cabalo de calquera estrada principal, a onde nunca chegaban as reverberacións da trompeta da dilixencia nin da opinión pública. Era unha aldea de aspecto importante, cunha fermosa igrexa antiga cun gran adro no centro, e dúas ou tres casas grandes de ladrillo e pedra, con hortas con bos valados e cataventos ornamentais perto da estrada de fachadas máis imponentes que a reitoral que asomaba por entre as árbores do outro lado do adro; unha aldea que amosaba de vez as cimas da súa vida social e lle contaba ao ollo avisado que non había ningún gran herdo nin mansión na veciñanza, senón que había varios caciques en Raveloe que podían mal traballar as súas granxas a pracer, sacando das súas malas prácticas diñeiro abondo, naqueles tempos de guerra, para levar unha vida alegre e celebrar con xovialidade Nadal, Pentecoste e Pascua.

Había quince anos que Silas Marner chegara a Raveloe; daquela non era máis que un mozo pálido, de prominentes

e miopes ollos castaños cuxa aparencia non tería nada de estraño para xente de cultura e experiencia medias, pero para os aldeáns en cuxa veciñanza se viñera instalar posuía misteriosas particularidades que correspondían á natureza excepcional da súa ocupación, e á súa chegada desde unha rexión descoñecida chamada «Norte». E o mesmo sucedía co seu modo de vida: non convidaba a ningún visitante a entrar pola porta, e nunca ía á aldea tomar unha pinta no Arco da Vella, ou rexoubar na do carreteiro; non buscaba a ningún home ou muller, agás para os propósitos do seu oficio ou para fornecerse do necesario, e pronto lles quedou claro ás raparigas de Raveloe que xamais lle insistiría a ningunha delas que o aceptase contra a súa vontade, como se lles tivese oído declarar que nunca casarían cun home morto e devolto á vida. Esta visión da personalidade de Marner non tiña por único fundamento o seu rostro pálido e os seus insólitos ollos, pois Jem Rodney, o cazador de toupas, afirmaba que un serán, cando volvía para a casa, vira a Silas Marner apoiado nun valado cun pesado saco ao lombo en lugar de pousar o saco no valado como faría calquera home de siso e que, ao chegar onda el, viu que os ollos de Marner eran como os dun morto e que lle falou e o sacudiu e que tiña os brazos e as pernas tesos e que as súas mans agarraban o saco como se fosen de ferro; pero que xusto cando se afixera á idea de que o tecelán estaba morto, este púxose ben de novo nun virar da man, por así dicilo, dixo «Boas noites» e botou a andar. Todo isto xuraba Jem que vira, e por máis sinal, que fora o mesmo día que estivera collendo toupas nas terras do fidalgo Cass, alá onda o serradoiro vello. Había quen dicía que a Marner debiera de darlle unha «volta», palabra que parecía explicar cousas, polo demais, increíbles, pero o crego da parroquia, o señor Macey, que era moi discutidor, sacudiu a cabeza e preguntou se algunha vez

se soubera de alguén a quen lle dera unha volta e non caese ao chan. Unha volta era un ataque, non era? e formaba parte da natureza dun ataque a perda parcial do uso dos membros do home, e que acabase na igrexa, se non tiña fillos que mirasen por el. Non, non, non había ataque que deixase un home en pé, como un cabalo entre os varais do carro para logo botar a andar en canto un lle di «Ei!». Pero podía darse o caso de que a alma abandonase o corpo, que saíse e volvease a entrar nel, como o paxaro que sae do niño e volve; e así era como a xente se volvía lista de máis, pois ían á escola naquel estado escunchado, con aqueles que lles podían ensinar máis do que os seus veciños podían aprender cos seus cinco sentidos e a igrexa. E de onde sacara o mestre Marner o seu coñecemento das herbas, e dos esconxuros tamén, cando quería botalos? O conto de Jem Rodney non era máis do que se podía esperar de alguén que vira a Marner curar a Sally Oates e facela durmir como unha meniña cando tivera o corazón a baterlle como para rebentarlle o peito durante máis de dous meses, mentres estivera recibindo os coidados do doutor. Era quen de curar a xente se quería, pero había que falar ben del, aínda que só fose para evitar que lle fixera mal a un.

Era en parte a este vago temor ao que Marner lle debía o verse protexido da persecución que as súas peculiaridades podían traerlle, pero máis aínda ao feito de que, ao morrer o vello tecelán da veciña parroquia de Tarley, o seu oficio o convertera nun novo veciño moi benvido polas amas de casa máis adiñeiradas do distrito, e até polos labregos máis previsores, que tiñan as súas reservas de fío ao final do ano. O aprecio pola súa utilidade compensaba calquera repugnancia ou sospeita que non fose confirmada por unha deficiencia da calidade ou do motivo dos panos que tecía para eles. E os anos foran

pasando sen producir ningún cambio nas impresións dos veciños con respecto a Marner, agás polo paso da novidade ao hábito. Ao cabo de quince anos, os homes de Raveloe seguían dicindo as mesmas cousas de Silas Marner que ao principio; xa non as dicían tan a miúdo pero, cando as dicían, críanas con moito maior convencemento. Só había un importante engadido que os anos trouxeran: que o mestre Marner tiña gardada en algures unha boa morea de diñeiro e que podía mercar homes «de maior estatura» ca el.

Pero se ben as opinións relativas á súa persoa se mantiveran practicamente inmóbiles, e os seus hábitos cotiáns apenas presentaran cambios visibles, a vida interior de Marner fora toda unha historia e unha metamorfose, como debe ser a de toda natureza ardente cando se deu, ou se viu condenada, á soidade. A súa vida, antes de vir para Raveloe, estivera chea de movemento, de actividade mental e da estreita comunión que, naqueles días e nestes, marcaba a vida dun artesán que pronto se incorporara a unha reducida seita relixiosa, na que até o leigo máis pobre ten a oportunidade de distinguirse polo don da elocuencia e ten, como mínimo, o peso dun voto silencioso no goberno da súa comunidade. Marner estaba moi ben considerado naquel pequeno e oculto mundo, coñecido para os seus membros como a congregación eclesiástica do Patio da Lanterna; estaba considerado un mozo de vida exemplar e fe ardorosa, e centrárase nel un interese particular desde que, nunha xuntanza para a oración, caera nunha misteriosa rixidez e suspensión de conciencia que durara unha hora ou máis e fora confundida coa morte. Procurar unha explicación médica para este fenómeno sería visto, tanto polo propio Silas como polo seu ministro e os seus compañeiros de congregación, como unha caprichosa autoexclusión do significado es-

piritual que podía envolver o suceso. Silas era, evidentemente, un irmán seleccionado para unha misión especial e aínda que o esforzo para interpretar cal era esa misión se vía socavado pola ausencia dunha visión espiritual pola súa parte durante o seu tronso, crían, tanto el como os outros, que o seu efecto se podía ver nun aumento da súa iluminación e do seu fervor. Un home menos honrado ca el podería verse tentado de inventar posteriormente unha visión en forma de lembranza rexurrida; un home de menos siso podería crer nesa invención; pero Silas era un home de siso e honrado aínda que, como sucede con moitos homes honrados e devotos, a cultura non tiña marcado ningún camiño para o seu sentido do misterio, polo que se espallou pola vía da investigación e o coñecemento. Herdara de súa nai certa familiaridade coas herbas medicinais e a súa preparación —unha pequena reserva de sabedoría que lle deixara como solemne herdanza—, pero nos últimos anos tivera dúbidas sobre a lexitimidade de empregar estes coñecementos, convencido de que as herbas non podían ser eficaces sen a oración, e que a oración ben podía abondar sen as herbas; así, o herdado deleite que lle procuraba pasear polos campos á procura de estalotes, mexacáns e tusílagos comezou a revestir para el o carácter dunha tentación.

Entre os membros da súa igrexa había un home novo, un pouco máis vello ca el, con quen había moito que mantiña unha amizade tan estreita os seus irmáns da congregación do Patio da Lanterna adoitaban chamalos David e Ionatán. O verdadeiro nome do amigo era William Dane e el tamén estaba considerado un brillante exemplo de devoción xuvenil, aínda que un tanto dado a un exceso de severidade con irmáns máis febles e a deixarse cegar tanto pola súa propia luz como para creerse máis sabio que os seus mestres. Pero por máis ta-



chas que os demais atopasen en William, aos ollos do seu amigo non tiña defecto ningún; pois Marner posuía unha desas naturezas impresionables e inseguras que, na idade da inexperiencia, admiran a imperiosidade e se apoian na contradición. A expresión de confiada sinxeleza do rostro de Marner, intensificada por esa ausencia dunha observación especial, esa indefensa ollada como de cervo que posúen os ollos grandes e prominentes, contrastaba fortemente coa autocompracente contención de triunfo que espreitaba no estreitos ollos riscados e nos labios apertados de William Dane. Un dos temas de conversación máis frecuentes entre os dous amigos era a seguridade da salvación: Silas confesaba que nunca era quen de alcanzar máis que unha esperanza mesturada con medo, e escoitaba ansioso cando William declaraba que posuía unha seguridade inamovible desde que, no seu período de conversión, soñara que vía as palabras «vocación e elección segura» alzarse por si soas nunha páxina en branco da Biblia aberta. Tales coloquios teñen ocupado a moitas parellas de pálidos teceláns cuxas almas sen cultivar foron como xuvenís seres alados a bateren as ás, abandonados na penumbra.

Ao confiado Silas parecéralle que a amizade non arrefriara nin ao formar el outro vínculo de máis estreita natureza. Desde había uns meses, estaba comprometido cunha moza que se dedicaba ao servizo doméstico, agardando unicamente a aumentaren os seus aforros para poder casar e, para gran gozo seu, Sarah non se opoñía á ocasional presenza de William nas súas entrevistas dominicais. Foi neste punto da súa historia cando se produciu o ataque de catalepsia de Silas durante a xuntanza de oración e, entre as varias preguntas e expresións de interese que os seus compañeiros de congregación lle dirixiron, só a suxestión de William chocou coa simpatía

xeral cara a un irmán así sinalado para asuntos especiais. Este observou que, para el, aquel transo máis parecía unha visita de Satán que unha proba do favor divino, e exhortou ao seu amigo a mirar a ver se non agochaba algo maldito dentro da súa alma. Silas, sentíndose na obriga de aceptar reprimendas e amoestacións como parte dos deberes da irmandade, non sentiu resentimento senón dor, ante as dúbidas do seu amigo sobre a súa persoa; e a isto pronto se engadiu certa ansiedade ante a percepción de que as maneiras de Sarah cara a el comezaban a presentar unha estraña flutuación entre o esforzo por unha maior manifestación de respecto e involuntarios xestos de distanciamento e desagrado. Preguntoulle se desexaba romper o seu compromiso, pero ela negouno: o seu compromiso era coñecido pola igrexa e fora recoñecido nas xuntanzas de oración, non se podía romper sen unha estrita investigación e Sarah non podía ofrecer ningunha razón que puidese ser aprobada polo sentir da comunidade. Daquela, o primeiro diácono estaba gravemente enfermo e, como era viúvo e sen fillos, era atendido día e noite por algúns dos irmáns e irmás máis novos da congregación. Silas a miúdo facía a súa quenda de coidados nocturnos con William, relevándose o un ao outro ás dúas da mañá. O vello, ao contrario do que se esperaba, parecía irse recuperando, cando unha noite Silas, sentado a carón da súa cama, observou que a súa respiración, habitualmente audible, cesara. A candeia ardía baixa e tivo que levantala para ver con claridade o rostro do paciente. O exame convenceuno de que o diácono estaba morto, que levaba un tempo morto, pois tiña os membros ríxidos. Silas preguntouse se adormecera e mirou o reloxo: xa eran as catro da mañá. Como era que William non viñera? Cheo de ansiedade, foi buscar axuda e pronto houbo varios amigos congregados na casa, o ministro entre eles, mentres que Silas marchou tra-

ballar desexando atopar a William para saber por que non aparecera. Pero ás seis en punto, cando estaba pensando en ir buscar ao seu amigo, chegou William e, con el, o ministro. Víñano buscar para ir ao Patio da Lanterna, para reunirse alí cos membros da igrexa e, cando preguntou a razón pola que o convocaban, a única resposta que obtivo foi: «Xa a saberás». Non se dixo máis nada até que Silas estivo sentado na sacristía, diante do ministro, cos ollos de quen para el representaban o pobo de Deus solemnemente postos nel. Entón o ministro sacou unha navalla do peto, ensinoulla a Silas e preguntoulle se sabía onde deixara aquela navalla. Silas dixo que non tiña idea de tela deixado en ningures fóra do seu propio peto, pero botouse a tremar ante aquel estraño interrogatorio. Despois instárono a non ocultar o seu pecado, a que confesase e se arrepentise. A navalla fora atopada no escritorio que había a carón da cama do diácono finado, no lugar onde se atopaba a bolsiña con diñeiro que o ministro vira cos seus propios ollos o día anterior. Algunha man levara aquela bolsa, e de quen podía ser tal man senón do home a quen lle pertencía a navalla? Silas ficou un tempo mudo de abraio, entón dixo:

—Deus absolverame, non sei nada de que esa navalla estivese alí, nin de que o diñeiro desaparecese. Rexístenme a min e a miña vivenda, non atoparán máis que tres libras con cinco de aforros propios que William Dane sabe que teño desde hai seis meses.

Ao oír isto William rosmou, pero o ministro dixo:

—Hai graves probas contra ti, irmán Silas. O diñeiro foi roubado a noite pasada e non había co noso defunto irmán ninguén máis ca ti, pois William Dane declara que un repentino malestar lle impediu ir ocupar o seu posto habitual e ti

mesmo dixeches que non fora; ademais, deixaches sen atender o cadáver.

—Debín adormecer —dixo Silas. Despois, tras unha pausa, engadiu—: Ou debín ter unha ausencia como aquela baixo cuxa influencia me viron vostedes, e así o ladrón puido entrar e saír mentres eu non estaba no meu corpo, senón fóra del. Pero dígollo outra vez: rexístrenme a min e a miña vivenda, pois non estiven en ningún outro lugar.

Fíxose o rexistro e acabou con William Dane atopando a famosa bolsa baleira metida detrás da cómoda do cuarto de Silas! Tras isto, William instou ao seu amigo a que confesase e a que deixase de ocultar o seu pecado. Silas dirixiulle unha mirada de fondo reproche e dixo:

—William, en nove anos que levamos saíndo e entrando xuntos, algunha vez viches que contara unha mentira? Pero Deus absolverame.

—Irmán —dixo William—, como vou saber eu o que podes ter feito nas escuras estancias do teu corazón para darlle a Satán o favor da túa persoa?

Silas seguía mirando para o seu amigo. De súpeto, un profundo rubor cubriu o seu rostro e dispoñíase a falar impetuosamente cando pareceu coutado por unha conmoción interior que reverteu o rubor e o fixo estremecer. Mais por fin falou debilmente, mirando para William.

—Agora me acordo: a navalla non estaba no meu peto.

William dixo:

—Non sei que queres dicir. —As demais persoas presentes, porén, comezaron a preguntar onde quería dicir Silas que

estaba a navalla, pero el non deu máis explicacións, limitándose a dicir—: Estou abatido de dor; non podo dicir nada. Deus absolverame.

Ao volver á sacristía seguiron deliberando. Recorrer a medidas legais para determinar a identidade do culpable era contrario aos principios da igrexa do Patio da Lanterna, segundo os cales a persecución éralles prohibida aos cristiáns mesmo en casos menos escandalosos para a comunidade. Pero os membros da congregación tiñan a obriga de tomar outras medidas para descubrir a verdade, e decidíronse polo rezo e a cleromancia. Esta resolución só pode dar pé á sorpresa de quen non estea familiarizado con esa escura vida relixiosa que ten lugar nas congostras das nosas vilas. Silas axeonllouse cos seus irmáns, confiando en que a súa inocencia fose certificada por unha inmediata intervención divina pero coa sensación, mesmo entón, de que o que logo viría para el serían pena e dó, de que a súa confianza nos homes se vira cruelmente ferida. *A cleromancia declarou que Silas Marner era culpable.* Foi solemnemente suspendido como membro da igrexa e conminado a devolver o diñeiro roubado: só mediante a confesión, como signo de arrepentimento, podería volver ser recibido no seo da igrexa. Marner escoitou en silencio. Por fin, cando todos se erguían para marchar, dirixiuse a William Dane e dixo, cunha voz sacudida pola axitación:

—A última vez que recordo usar a miña navalla foi cando a saquei para cortarche unha tira de lenzo. Non recordo volver metela no peto. Fuches ti quen roubou o diñeiro e agora tramaches un plan para atribuírme a min o pecado. Pero, con todo, podes prosperar: non hai un Deus xusto que governe a terra con xustiza, senón un Deus da mentira, que dá testemuño contra os inocentes.

A blasfemia produciu un estremecemento xeral.

William dixo, docilmente:

—Deixo que sexan os nosos irmáns quen xulguen se esta é ou non a voz de Satán. Non podo facer máis que pregar por ti, Silas.

O pobre de Marner marchou con esa desesperación na alma, coa súa confianza en Deus e nos homes abatida, que é pouco menos que loucura para unha natureza afectuosa. Na amargura do seu espírito ferido, díxose: «Ela tamén me ha rexeitar», e pensou que, se non cría o testemuño contra el, a fe de Sarah se había ver tan alterada como a del. Para as xentes afeitas a razoar sobre as formas en que adquiriron os seus sentimentos relixiosos é difícil introducirse nese simple e innato estado mental en que a forma e o sentimento nunca se viron separados por un acto de reflexión. Tendemos a considerar inevitable que un home na situación de Marner comezase a cuestionar a validez dunha apelación ao xuízo divino mediante a cleromancia; pero para el este sería un acto de pensamento independente que nunca coñecera e tería que facer o esforzo nun momento en que todas as súas enerxías se dirixían á anguria da fe frustrada. Se hai un anxo que leva conta das penas dos homes, ademais de dos seus pecados, sabe o numerosas e profundas que son as penas que xorden de ideas falsas das que ninguén é culpable.


Marner foi para a casa e botou un día enteiro sentado, só, atordado pola desesperación, sen o menor impulso de ir ver a Sarah para convencela da súa inocencia. O segundo día refuxiouse da abouxada incredulidade meténdose no seu tear e traballando arreo como decote e, antes de que pasasen moitas horas, o ministro e un dos diáconos viñérono ver cunha

## *Silas Marner*

mensaxe de Sarah: que lle poñía fin ao seu compromiso. Silas recibiu a mensaxe en silencio e a seguir viroulles as costas aos mensaxeiros para retomar o traballo no tear. Pouco máis dun mes despois diso, Sarah estaba casada con William Dane, e non moito máis tarde souberon os irmáns da igrexa do Patio da Lanterna que Silas Marner marchara da vila.







ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO  
O 28 DE XULLO DE 2016





